



A CASA DO MAL

Contan que anos atrás, ás aforas dunha vila, había unha casa na que vivía un vello cura. Este fora excomulgado por culpa da morte dunha rapaza, que asasinou porque se volvera tolo. E, desde esas, seica que o cura facía moitos ritos satánicos. Non se sabe que pasou co cura, pero a casa din que ten o mal dentro”

Hilary era unha rapaza que vivía nesa vila; ela e mais os seus amigos escoitaron esa lenda e por iso a quixeron investigar, polo simple feito de saber se era verdade o que contaba a lenda.

Un día, ás oito da noite, ela e mais os seus amigos foron a esa casa. Cando chegaron, os rapaces, que sempre son os que se queren facer os “supervalentes” empezaron a rir, mentres Hilary notou algo estraño na casa.

Ao entrar, despois de derribar a porta a patadas, viran que a casa caía en anacos, pero a pesar diso, era unha casa normal e corrente. De súpeto, un dos rapaces escoitou un ruído estraño e os outros pensaban que o dicía de broma para meter medo, pero decidiron ir ao lugar onde o rapaz oíra ese ruído para que quedar tranquilos de que non había ninguén, pero de súpeto viron unha sombra. Eles empezaron a coller medo, pero oíase a Mónica rir polo baixo, porque ela vira que esa sombra pertencía a dun gato. O gato entrou nunha habitación e entón Mónica quixo seguilo. Cando a rapaza xa estaba na mesma habitación có do gato, cerrouse a porta e fixo que

ela quedara pechada dentro. Dentro desa habitación había cousas satánicas, e deuse conta de que había o esqueleto da nena que o cura matara e de outras rapazas.

Mónica non podía co seu medo e empezou a berrar, pero os dous amigos que estaban tras a porta non a crían, porque pensaban que era para asustalos. De pronto eles mesmos oíron unha voz doutra persoa, que resultou ser a do cura, que non estaba morto e que vivía nesa choza.

Os rapaces, sen pensalo dúas veces, intentaron abrírlle a porta á súa amiga, pero cando o conseguiron, viron que Mónica xa estaba morta e encadeada na parede, mentres que o cura ría todo cheo de sangue e dirixíase a eles. Os rapaces escaparon a todo correr, pero a porta de saída pechouse e non había outra escapatoria, e a eles, que estaban moi asustados, só se lles ocorreu tirarse pola fiestra, pero cando chegaron a petar co chan déronse conta de que o cura puxera puntas por todo o chan e morreron no acto.

Un rapaz e unha rapaza que estaban ligando na parte de arriba da casa non se decataram de todo o que estaba a ocorrer e seguían ao seu, cando de súpeto aparecéuselles o cura por detrás e lle cortou a cabeza ao rapaz. A moza escapou ao ver que o mozo caía derrubado no chan e, ao chegar á porta que comunicaba coa parte de abaixo da casa, empezou a berrar para que lle abirán; Hilary, que

estaba na planta baixa, escoitou os berros da súa amiga, abríulle a porta e a rapaza non podía parar de chorar.

Elas e Luís, que era o único rapaz que quedaba vivo, intentaron saír, pero cando xa pensaban que estaban fóra de perigo, a rapaza caeu ao chan desangrada porque o cura a matara cunha hacha por detrás. Luís e mais Hilary, sen pensalo, empezaron a correr, pero o cura pillou a Hilary, entón Luís, como era un bo rapaz, pegoulle un golpe ao cura para que soltara a Hilary, pero el cravoulle un coitelo a Luís e foi decidido a coller a Hilary. De súpeto Luís, que foi todo un valente, colleu o coitelo que tiña cravado e cravoullo ao cura, que morreu. Hilary xa se foi de alí porque viu que Luís xa quedara alí tombado morto.

Hoxe en día, Hilary está nun manicomio porque ninguén lle creu o que pasara naquela terrible casa e tomábana por tola.

Esta historia non se sabe se é unha lenda urbana ou aconteceu de verdade, pero por se acaso non te metas en casas abandonadas ou que poidan estar malditas.

LENDA INVENTADA POR
VIRGINIA FOCIÑOS ASTRAR E
ELODIE DIÉGUEZ PEÓN, S3B

